

INDALECIO VIDAL IGLESIAS

Reflexión e intervención

Reflection and participation

A miña reflexión persoal sobre a maneira que os medios de comunicación reflicten a realidade do noso colectivo de maiores é que resulta vital xa que precisamos mais que nunca a axuda da prensa escrita da radio e da televisión para lograr a ansiada unión dos distintos colectivos de maiores no noso país, única forma de que a nosa voz sexa ouvida polos políticos. Estes teñen que concienciarse definitivamente de que xa estamos en plena "Revolución da Lonxevidade", a cal chegou silenciosamente, sen darnos conta.

Non olvidemos que a Expectativa de Vida pasou dos 40 anos de fai un século, ós 85 da muller e ós 78 dos homes, mais do dobre. Recordemos tamén que cada catro anos ganamos un ano suplementario de vida, de tal forma de cada dous nenos que nacen hoxe un chegara a ser centenario (un 50 %). O cambio, a todos os niveis, social, político e económico é de tal magnitude que hai que prepararse, tanto os poderes públicos como o resto do país, para afrontar este desafío.

Creo firmemente que esta Revolución da Lonxevidade debe valorarse como o cambio mais importante dos últimos anos e que pode parangonarse, historicamente, co cambio que significou a Revolución Francesa.

Un dos dramas dos últimos anos foi o de diminuír a idade de xubilación, que hai que resolver e, entre outras cousas, poñer e marcha os cursos preparatorios para a xubilación. Teñamos en conta que nos vindeiros 50 anos vivirase na época da biótica e a informática.

Outro problema grave e a non coordinación da Asistencia Social e da Asistencia Sanitaria, a cal leva a unha prestación de servizo fragmentada e a un despilfarro no uso dos recursos. Ambas facetas da asistencia deben balancearse con intelixencia, pensando que tódolos anciáns presentan algunha deficiencia física ou psíquica, máis ou menos tarde.

E imprescindible a posta en marcha de hospitais de crónicos, eslabón que falta na asistencia Socio-Sanitaria integral.

- estes hospitais teñen que ser centros polivalentes e multidisciplinares, cunhas coberturas existenciais que abarquen toda a pluripatoloxía das persoas de idade avanzada, como peldaño intermedio, actualmente inexistente, entre a residencias xerátricas convencionais y os hospitais de agudos.
- a súa posta en marcha será a única forma de que estes últimos deixen de sufrir a enorme presión a que están sometidos actualmente, provocando as masificacións, a deshumanización, as listas de espera e o crecemento imparable dos custos Socio-Sanitarios.

Os hospitais de agudos non están preparados para “coidar”, estano para “curar”, medica ou quirurxicamente, pero non para “coidar”. Ademais a hospitalización en agudos orixina, moitas veces, enfermidades infecciosas e hospitalarias que non soportan facilmente os maiores.

O hospital de crónicos ten que facer de “tamiz” entre residencias convencionais e o hospital de agudos. Mentres non existan suficientes hospitais de crónicos é preciso obrigar a dotación nas residencias convencionais de un 30%, polo menos, de camas de crónicos con oxixeno e vacio.

Por suposto sabemos que hai outras causas do fracaso asistencial:

- A falta de tempo na Asistencia Primaria, que debe atender do 70% o 80 % das patoloxías da xente maior. a petición por parte dos médicos de “10 minutos” de consulta dramática. Non esquezamos que Galicia e España están por detrás de Grecia no gasto publico Sanitario por habitante. Recordemos que a Xunta dedica o 51% do gasto a atención especializada e solo o 14,5% a primaria.
- A maior demanda e frecuentación dos españois en consultas, practicamente o dobre que no resto de Europa
- Maior consumo farmacéutico, 10 pto por riba da media europea.
- Baixa retribución do persoal sanitario en xeral, debida a presupostos irrealis, que provoca a emigración a outros países e a outras autonomías dende Galicia.
- Practica dunha “medicina defensiva” por parte dos médicos que dispara os custos, sobre todo en alta tecnoloxía.
- Falta do “copago” lóxico por parte dos asegurados con posibilidades económicas (cruce de datos con facenda).
- Ausencia dunha xestión áxil.
- envellecemento imparable da poboación, o cambio do modelo familiar, o aumento da inmigración, a maior esixencia asistencial da poboación, a universalización da asistencia sen unha rigorosa planificación, etc.

Todo elo pode cegar a facer inviable o sistema Socio-Sanitario actual. O “café para todos” e gratis do que gozamos hoxe, pode converterse en “café para ninguén” maña. Estas ideas resumidas, entre outras moitas, pedimos, encarecidamente sexan divulgadas por os medios de comunicación como apoio vital os maiores galegos, pensado que os xoves de hoxe serán pronto tamén maiores.

Os maiores, por o noso lado, temos que ter optimismo e proxectos apasionantes e ideas ilusiónante para os próximos 30, 40 ou 50 anos, polo menos. debemos coidarnos, facendo unha vida activa e así esa esperanza motivadora unida a crenza en Deus, faranos felices ata o final dos nosos días.

•

Indalecio Vidal Iglesias é médico retirado e Presidente da Asociación de Maiores de Galicia. E-mail: info@asomaga.org